



## Concello de Pontecesures

### ANEXO I

#### MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

#### DENOMINACIÓN DO POSTO/PRAZA: XEFA/E BRIGADAS FORESTAIS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:		
Nome e apelidos:		DNI núm.:
Enderezo:		CP:
Localidade:		Provincia:
Nacionalidade:	Núm. Teléfono Fixo:	Núm. Teléfono Móbil:
Correo electrónico:		Fax.:

#### ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE:

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica do Concello de Pontecesures en **pontecesures.sedelectronica.gal**.

Postal

#### EXPOÑO:

Que tras ver as bases que regulan a convocatoria deste proceso selectivo para cubrir esta praza vacante no Concello de Pontecesures e manifestando que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, que estou enterado/a e acepto as bases que rexerán a convocatoria para a selección polo sistema de concurso-oposición de un **POSTO DE XEFA/E DE BRIGADA FORESTAL** e SOLICITO tomar parte neste proceso selectivo,

#### DOCUMENTOS QUE PRESENTO:

- Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.





## Concello de Pontecesures

- Fotocopia do diploma ou a validación do curso de iniciación e perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 3/4.
- Fotocopia da titulación requirida (*enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente*).
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- No caso de ser unha persoa aspirante con diversidade funcional que precisa adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, deberá acreditar fehacientemente a citada diversidade funcional (*achegando a esta solicitude a correspondente documentación acreditativa*) e solicitar a continuación as adaptacións concretas que pretende:

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Consinto o tratamento dos datos de carácter persoal incluídos na presente solicitude (riscar cun X):

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS EXPRESADOS NESTA SOLICITUDE

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: aprobación das bases reguladoras da convocatoria e consentimento da persoa interesada.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión da solicitude no procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: [concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org).

Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

LUGAR E DATA

SINATURA

\_\_\_\_\_, A \_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DE 2023





## Concello de Pontecesures

---

